

Pescadores e aves mariñas aliados no mar



Unha mirada ás aves mariñas

As aves adaptáronse a un medio hostil como o mar de xeitos diversos: unhas, perfeccionando a súa capacidade de mergullo para accederen a unha maior abundancia de presas no fondo, e outras, potenciando a capacidade de voo para poder cubrir grandes distancias na busca das escasas oportunidades de capturar presas en superficie.

En Galicia existe unha gran diversidade de especies: hábiles voadoras como as pardelas e excelentes mergulladores como os corvos mariños e os araos; pequenas como o paíño (de apenas 30 gramos) e grandes como o mascato (de 3 kg de peso e 2 m de envergadura). Pasan a maior parte da vida no mar, mais crían en terra firme. Algunhas reproducense aquí, como a gaivota patiamarela e o corvo mariño cristado, e outras só nos visitan durante as súas migracións ou no inverno, como o mascato e diversas especies de pardelas.

Que valor teñen?

As aves mariñas poderían parecer irrelevantes, pero o seu papel é máis importante do que pensamos.

Indicadoras

Como depredadores mariños, son especialmente sensibles ás alteracións do medio e, ademais, a súa visibilidade e fácil estudo permiten empregalas como indicadoras.

- Contribúen a avaliar o estado dos recursos pesqueiros.
- Sinálanlles a presenza de bancos de peixes aos pescadores.
- Dan información sobre os niveis de contaminación do medio.

Especies bandeira

Protexéndoas, tamén protexemos outras especies menos visibles e os seus hábitats, o que contribúe a mellorar a saúde do mar.

Turismo

Como son vistosas e atractivas, valorizan zonas e actividades grazas ao turismo de natureza.

Fertilizadoras

Os seus excrementos (guano) constitúen un fertilizante natural, moi importante nas illas.



Cormorán moñudo © Juan Becares (CORY'S)

A que perigos se enfrontan?

As mariñas son o grupo de aves máis ameazado do planeta. No último medio século, as súas poboacións reducíronse a menos da metade por culpa de diversas ameazas relacionadas co ser humano: o urbanismo e o desenvolvemento litoral, os depredadores introducidos, a contaminación, as interaccións coa pesca e o cambio climático.

En terra



Depredación de especies invasoras como gatos, ratas e visóns americanos, que atacan os ovos, os polos e mesmo os adultos nas zonas de cría.



En terra e mar

O **cambio climático**, que afecta a dispoñibilidade de alimento, provoca a perda de lugares de cría, aumenta a frecuencia e intensidade de tormentas etc.

O **desenvolvemento litoral**, que degrada e reduce os espazos de cría, xera contaminación luminosa (que as desorienta) e aumenta as molestias derivadas da presenza de persoas.



No mar

A **explotación enerxética e mineira**, que pode provocar colisións, degradación e perda de hábitat etc.



A **contaminación** por hidrocarburos, metais pesados, plásticos etc.

As **interaccións negativas coa pesca** por competencia polos recursos mariños (sobrexplotación) e capturas accidentais.



As capturas accidentais, unha ameaza preocupante

O problema das capturas accidentais nas artes de pesca é especialmente grave e prexudica tanto ás aves como aos pescadores. Pódense dar en varias artes, entre elas:

Palangre

O isco atrae as aves, que poden quedar enganchadas nos anzois ou enredadas na liña ao largar, de maneira que se afunden coa arte. Afecta especialmente a gaiotas, mascatos e pardelas.




Cerco

Cando se cerra a rede, o cardume de pequenos peixes peláxicos congregados atrae aves que poden quedar prendidas no copo e sufrir así fracturas ou morrer afogadas. Prexudica a pardelas, gaiotas, mascatos e outros, aínda que en Galicia a incidencia parece baixa.




Redes fixas

Prexudican as especies mergulladoras, que poden quedar malladas ao ser atraídas polo peixe capturado nas redes ou ao pasaren por onde se calaron. En Galicia supón un problema especialmente grave para o corvo mariño cristado, pero tamén para os araos, os carolos e as mobellas.



Arrastre

O peixe descartado atrae numerosas aves, que poden bater cos cables ou quedar atrapadas na rede ao virar. En Galicia, estes incidentes parecen anecdóticos, mais están pouco estudados.



O corvo mariño cristado, un gran mergullador en perigo

- Cría en illas e cantís desde primeiros de ano, cando amosa a súa característica crista.
- Os polos deixan o niño ao final da primavera e mantéñense en grupos ("garderías") durante o verán, época en que son máis vulnerables.
- Pode vivir ata 30 anos.
- Aliméntase principalmente de pequenos peixes que captura en fondos areosos (como o bolo) e rochosos (como os lorchos).
- Atópase na costa galega durante todo o ano, xeralmente en augas costeiras e nas rías, e pode mergullarse ata fondos de máis de 30 metros.
- É máis pequeno e estilizado ca o corvo mariño grande, que se ve principalmente en outono e inverno en ríos e interiores de portos e rías.
- A súa poboación en Galicia é de case 1400 parellas e está en declive, especialmente nas Rías Baixas e no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.



@Guadalupe Rodríguez

En Galicia, a supervivencia do corvo mariño cristado a longo prazo é incerta; as capturas accidentais en artes de enmalle son a súa principal ameaza

Dous corvos mariños grandes á esquerda e tres cristados á dereita, sendo o máis claro un xuvenil.



Aves mariñas comúns na costa galega

C. grande
Phalacrocorax carbo

Bico e pescozo robustos

C. cristado
Phalacrocorax aristotelis

Bico fino e pescozo alongado

Corvos mariños

Adulto

Xuvenil

Adulto

Xuvenil

Nupcial (dec. a mar.)

P. cincenta
Calonectris borealis

P. encapuchada
Ardenna gravis

Furabuchos atlántico
Puffinus puffinus

Furabuchos balear
P. mauretanicus

P. escura
A. grisea

Pardelas

Paíño europeo
Hydrobates pelagicus

Adulto

Inmatureo

Mobella grande
Gavia immer

Pentumeiro
Melanitta nigra

Xuvenil

Ad. inverno

Xuvenil

Mascato
Morus bassanus

Arao papagaio
Fratercula arctica

Arao dos cons *
Uria aalge

Arao carolo
Alca torda

Araos




Adulto

Gaivotas grandes

G. patiamarela
Larus michahellis

Gaivotón
L. marinus

G. escura
L. fuscus



Xuvenil



Carráns

C. común
Sterna hirundo

C. cristado
Thalasseus sandvicensis

Gaivotas pequenas



Xuvenil

Ad. inverno

Ad. nupcial

G. de cabeza negra
Larus melanocephalus



Ad. nupcial

Xuvenil



Ad. inverno

G. chorona
Chroicocephalus ridibundus

G. de Sabine
Xema sabini



Ad. inverno

Xuvenil

G. tridáctila *
Rissa tridactyla

Palleira grande
Stercorarius skua

Palleiras

P. parasita
S. parasiticus

P. pomarina
S. pomarinus

Presente todo o ano / reprodutor

Verano / reprodutor

Inverno


Migración

AMEAZADA

Como se pode solucionar o problema das capturas accidentais de aves mariñas?

O uso de **medidas de mitigación** permitiu reducir de maneira sinxela e económica as capturas involuntarias de aves en moitas partes do mundo. É importante contar cun **abano de medidas** entre as que os pescadores poidan escoller

a máis axeitada en cada caso, adaptándoas a cada arte e situación particular. Para iso é preciso un **traballo conxunto** de pescadores, científicos, conservacionistas e administracións.



Nas redes de enmalle

Afectan principalmente a corvos mariños nas inmediacións das colonias, pousadoiros, durmidoiros, garderías (grupos de novos no verán) e zonas de alimentación. Nestas zonas recoméndase:

- onde sexa posible, pescar lonxe destas zonas;
- pescar a maior profundidade, preferentemente a máis de 30 m;

- evitar o emprego de técnicas de pesca que poidan espantar aos corvos mariños facéndoos mallar nas redes ao fuxiren mergullando;
- de noite e cerca da costa, reducir o uso de luces ao mínimo necesario para a seguridade, pois poden espantar os corvos mariños en durmidoiros e axotalos cara a zonas con redes caladas.

Como estudamos as interaccións entre aves e pesca?

No 2020 xa colaboraron máis de 120 pescadores en Galicia




Existen poucos estudos sobre a interacción entre aves e pesca nas nosas augas, sobre todo para a flota de artes menores. Para caracterizar estas interaccións e atopar solucións para as capturas accidentais intentouse implicar o sector pesqueiro mediante:

- **enquisas** en porto sobre as artes de pesca e interaccións con aves;
- **cadernos** de datos encheidos polos pescadores durante as saídas de pesca para coñecer as interaccións coas aves e como se relacionan coas distintas formas de traballar;
- **embarques** de observadores para complementar a información dos cadernos cunha experiencia de primeira man.



© Paulo Lago

A rede Natura 2000



É un conxunto de espazos protexidos polas directivas ambientais europeas baixo as figuras de Zonas de Especial Conservación (ZEC) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPa). O proxecto ZEPAMAR inclúe dúas ZEPa en Galicia: Rías Baixas e Costa da Morte. É unha ferramenta de conservación que pretende facer compatible a protección de espazos e especies de alto valor ecolóxico coas actividades humanas. Pode xerar beneficios sociais e económicos potenciando e valorizando as actividades respectuosas co medio e restrinxido as que producen impactos negativos. Actualmente, en España estanse a elaborar os plans de xestión dos espazos mariños da Rede Natura 2000 buscando modelos de xestión que permitan a participación dos usuarios (proxecto LIFE IP INTEMARES).

Proxecto Zepamar

Aves mariñas e pescadores comparten o mesmo medio e desde sempre teñen unha relación moi estreita. SEO/BirdLife estuda a relación entre as aves mariñas e a pesca, e busca solucións ao problema da captura accidental. O obxectivo do proxecto ZEPAMAR é implicar os pescadores nesta tarefa na costa galega, no Atlántico e no Mediterráneo ibérico e balear. Este proxecto desenvólvese coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e el Reto Demográfico, a través do Programa Pleamar, cofinanciado polo FEMP, e é complementario ao proxecto LIFE IP INTEMARES.



Gustaríamos contar coa túa colaboración para:
O seguimento de cadernos/enquisas
Enviar datos de capturas accidentais por medio da APP BYCATCH



Google Play



BYCATCH

Contáctanos en seo@seo.org / +34 914340910

Contidos: Paulo Lago, Vero Cortés e Pep Arcos. Ilustracións: Martí Franch. Deseño: David León



VICEPRESIDENCIA
CUARTA DEL GOBIERNO
MINISTERIO
DE LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)

